

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

13382 *Real decreto 688/2021, do 3 de agosto, polo que se modifica o Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio.*

Existe unha crecente tendencia no ordenamento administrativo sancionador a permitir ao suxeito responsable dunha infracción recoñecer a súa responsabilidade na comisión da infracción e aboar o importe da sanción proposta inicialmente cunhas reducións sobre o dito importe.

Tales reducións foron establecidas con carácter xeral polo artigo 85 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e aplicadas de maneira directa, polo seu carácter supletorio, ao procedemento sancionador na orde social. Non obstante, o carácter especial deste procedemento e as súas características específicas fan conveniente unha regulación expresa da materia, para adaptalo ás súas peculiaridades.

A aplicación de reducións nas sancións proporciona efectos positivos ao procedemento. Así, axiliza o citado procedemento, ao vincularse a dita redución á renuncia a calquera tipo de alegación ou recurso en vía administrativa, o cal supón a supresión de numerosos trámites administrativos e cargas, tanto para o administrado como para a propia Administración, facilita o sistema de recadación das sancións e favoréceo.

Por isto, e dadas as características especiais deste procedemento, os seus trámites e as vantaxes que estas reducións supoñen, resulta conveniente a regulación expresa desta materia.

Por outra parte, a Sentenza do Tribunal Constitucional 61/2018, do 7 de xuño, declarou a nulidade da disposición derradeira sexta do Real decreto lei 5/2013, do 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo. A dita disposición modificaba o artigo 4 do Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, no referente á competencia para sancionar determinadas infraccións en materia de seguridade social no ámbito provincial.

A sentenza do Tribunal Constitucional anulou a citada disposición por falta de xustificación da súa extraordinaria e urxente necesidade. Coa súa anulación, alterouse a competencia para sancionar as ditas infraccións e, como consecuencia disto, deixouse de atribuír a órganos que, pola súa natureza, competencias e especialización, se consideran como os máis adecuados para desempeñar as ditas funcións sancionadoras.

Por isto, e para garantir unha adecuada distribución do exercicio de competencias sancionadoras, é conveniente restaurar a situación vixente con carácter previo á citada sentenza, o que se leva a cabo a través desta norma.

Así mesmo, modifícanse varios preceptos do Regulamento xeral para actualizar as referencias á derogada Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, á vixente Lei 39/2015, do 1 de outubro.

De igual forma, debe terse en conta que a incorporación das novas tecnoloxías da información á actividade administrativa posibilita a denominada actuación administrativa

automatizada, definida no artigo 41.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, como «calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por unha Administración pública no marco dun procedemento administrativo e na cal non interviñese de forma directa un empregado público.»

En relación con isto, a análise masiva de datos para a detección de fraude permite coñecer a existencia de incumprimentos dos suxeitos obrigados, especialmente en materia de seguridade social, que provocan prexuízos aos traballadores afectados e á propia Administración da Seguridade Social. En ocasións, a constatación destes incumprimentos non require a intervención directa de ningún funcionario do Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social. Partindo desta base, ponse de manifesto a necesidade de automatizar, en casos concretos, a actividade da Inspección de Traballo e Seguridade Social para poder actuar ante tales incumprimentos.

En definitiva, trátase de adaptar aos procedementos sancionadores iniciados mediante actas redactadas pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, e sen redución das garantías xurídicas dos cidadáns, o marco xurídico que ofrece o artigo 41 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, así como o artigo 21.2 da Lei 23/2015, do 21 de xullo, ordenadora do Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social, relativo ás modalidades e documentación da actuación inspectora, permitindo a citada actuación, mediante a comprobación de datos ou antecedentes relativos a incumprimentos da normativa da orde social que figuren nas administracións públicas, aos cales ten acceso a Inspección de Traballo e Seguridade Social en virtude do disposto nos artigos 16 e 24 da Lei 23/2015, do 21 de xullo. Por outro lado, o artigo 53.1.a) do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, foi modificado mediante a disposición derradeira cuarta do Real decreto lei 2/2021, do 26 de xaneiro, de reforzo e consolidación de medidas sociais en defensa do emprego, de modo que tamén se recollen os supostos de actas de infracción redactadas no marco de actuacións administrativas automatizadas.

Establécese, por isto, que os ditos procedementos se inicien mediante actas que se redacten de forma automatizada, é dicir, sen intervención directa dun funcionario actuante na súa emisión, e sen prexuízo, se for o caso, da posterior intervención, en fase de instrución, de persoal con funcións inspectoras.

Para tal fin, en uso da habilitación contida no artigo 42 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, relativo aos sistemas de sinatura para a actuación administrativa automatizada, prevese a utilización do selo electrónico cualificado da Inspección de Traballo e Seguridade Social, creado mediante a Resolución do 10 de xullo de 2018, do Organismo Estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social, O.A., pola que se crea o selo electrónico cualificado do organismo.

Por todo o exposto, resulta preciso introducir modificacións no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, co fin de proceder a un desenvolvemento regulamentario específico, tanto da actuación comprobatoria previa como do inicio e da tramitación dun procedemento sancionador, de forma automatizada, por parte da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

As modificacións que no seu conxunto se propoñen cumpren os principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. En canto aos principios de necesidade e eficacia, a regulación proposta persegue unha maior claridade, seguridade xurídica e coherencia do procedemento administrativo sancionador na orde social. Por un lado, porque se establece para a orde social unha regulación completa e específica da terminación do procedemento administrativo sancionador polo pagamento da sanción proposta na acta, con carácter previo á resolución que lle pon fin, no prazo establecido para o efecto, en lugar da aplicación supletoria da regulación xeral contida no artigo 85 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Ademais, dáse unha maior coherencia ao procedemento sancionador, ao atribuír a competencia para resolver, no ámbito da Administración xeral do Estado, a aqueles organismos a que corresponde a xestión do ámbito material afectado pola infracción. Ademais, a regulación proposta para

o desenvolvemento dun novo procedemento en virtude da actuación administrativa automatizada persegue articular un procedemento sancionador áxil, baseado en feitos constitutivos de infracción xeralmente non controvertidos, e con seguridade xurídica para o administrado. Isto último evidénciase mediante a participación do persoal con funcións inspectoras naquela fase do procedemento en que se fai precisa unha valoración xurídica das alegacións efectuadas polos presuntos suxeitos responsables da infracción fronte ás imputacións recollidas nas actas de infracción. Así mesmo, en toda actuación administrativa automatizada, previamente, determinaranse os supostos en que se fará uso da dita actuación, o órgano ou órganos competentes para a definición de especificacións, programación, mantemento, supervisión e control de calidade do sistema de información, así como, se for o caso, o órgano responsable para efectos de impugnación.

Dado que o procedemento sancionador na orde social se regula no Regulamento xeral, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, a modificación desa norma regulamentaria constitúe a forma adecuada de introducir a nova regulación. Ademais, a modificación límitase aos aspectos mínimos necesarios para cumprir o fin perseguido, o que asegura tamén o cumprimento do principio de proporcionalidade.

Finalmente, as razóns expostas xustifican o cumprimento do principio de seguridade xurídica. Ofrécese unha regulación completa, por un lado, da terminación do procedemento sancionador na orde social dentro da súa norma específica, aclarando os supostos, o momento e a forma en que se produce, e tal regulación é coherente co resto do ordenamento xurídico e, en particular, co artigo 85 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, precepto de aplicación supletoria, e, por outro lado, do novo procedemento promovido por actuación administrativa automatizada.

En aplicación do principio de transparencia, deuse a posibilidade de participación aos destinatarios da norma. En primeiro lugar, mediante o trámite de consulta pública; a continuación, a través do trámite de audiencia e información pública outorgado aos cidadáns e ás organizacións empresariais e sindicais máis representativas; finalmente, administracións das comunidades autónomas emitiron informe sobre o proxecto e foi sometido aos órganos de dirección e de goberno e de participación institucional do organismo autónomo organismo estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social.

A nova regulación cumpre, por último, co principio de eficiencia, pois non só non xera cargas adicionais, senón que as reduce, tanto para os administrados, como para as administracións competentes. Isto é debido a que a terminación dos procedementos por pagamento da sanción con carácter previo á resolución, no prazo establecido para o efecto, e con renuncia ao exercicio de calquera acción, alegación ou recurso en vía administrativa, ao tempo que permite reducir o importe, aforra trámites e axiliza os procedementos sancionadores, ao igual que sucede co novo procedemento promovido por actuación administrativa automatizada.

De acordo co artigo 25 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o presente real decreto encóntrase incluído no Plan anual normativo da Administración xeral do Estado para 2020. A elaboración desta norma axústase ao procedemento, regulado no artigo 26 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, e solicitáronse os preceptivos informes e ditames, concretamente, á secretaría xeral técnica de cada un dos ministerios copropoñentes; á Oficina de Coordinación e Calidade Normativa; ao Ministerio de Política Territorial e Función Pública, co fin tanto da aprobación previa como da adecuación do proxecto á orde constitucional de distribución de competencias, e ao Consello de Estado. Así mesmo, levouse a cabo o trámite de audiencia e información pública, xa que se solicitou a opinión das organizacións empresariais e sindicais máis representativas, así como das comunidades autónomas, a través dos órganos de dirección e de goberno e de participación institucional do organismo estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.^a, 17.^a e 18.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polas comunidades autónomas; de

lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, e de procedemento administrativo común, respectivamente.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Traballo e Economía Social e do ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de agosto de 2021,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio.*

O Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, queda redactado nos seguintes termos:

Un. Modifícase a letra a) do número 1 do artigo 4, coa seguinte redacción:

«a) No caso das infraccións en materia de seguridade social reguladas na sección 1.^a do capítulo III do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, cuxas actas non concorran con actas de liquidación, a imposición de sanción corresponderá:

1.^o Á Dirección Provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, no caso das infraccións leves sinaladas nos números 1, 2, 3, 4 e 5 do artigo 21; as graves, previstas nos números 1, 2, 3, 5, 7, 9 no suposto de reducións de cotas da Seguridade Social, 10 e 12 do artigo 22, e as moi graves, previstas nas letras b), d), f) e k) do artigo 23.1.

2.^o Á Dirección Provincial do Instituto Nacional da Seguridade Social ou, se for o caso, do Instituto Social da Mariña, nos supostos cualificados como infracción leve, nos números 4 e 6 do artigo 21; como infracción grave, nos números 4, 6, 8 e 14 do artigo 22, e como infracción moi grave, nas letras a), c), e) e g) do artigo 23.1.

Corresponderá a imposición de sanción á Dirección Provincial do Servizo Público de Emprego Estatal ou, se for o caso, do Instituto Social da Mariña, cando a sanción afecte prestacións por desemprego, nos supostos previstos no número 4 do artigo 21, nos números 4, 6, 8, 13 e 14 do artigo 22 e nas letras a), c), e) e g) do artigo 23.1.

3.^o Á Dirección Provincial do Servizo Público de Emprego Estatal, no suposto previsto como infracción grave no artigo 22.9 cando se trate de bonificacións e como infracción moi grave na letra h) do artigo 23.1.»

Dous. Modifícase o número 3 do artigo 11, coa seguinte redacción:

«3. O inspector de Traballo e Seguridade Social ou o subinspector de Seguridade e Saúde Laboral, se for o caso, poderá ordenar a inmediata paralización dos traballos ou tarefas que impliquen un risco grave e inminente para a seguridade e a saúde dos traballadores. En tal suposto, comunicarllo á empresa por escrito mediante notificación formal ou dilixencia de actuación, sinalará o alcance e causa da medida e dará conta inmediata desta á autoridade laboral competente.

En caso de que a orde de paralización proveña dun subinspector de Seguridade e Saúde Laboral, este, despois de proceder conforme o previsto no parágrafo anterior, comunicarllo de inmediato ao xefe de unidade especializada ou ao xefe de equipo a que estea adscrito.

A empresa responsable porao en coñecemento inmediato dos traballadores afectados, do comité de seguridade e saúde, do delegado de prevención ou, na súa ausencia, dos representantes do persoal, e fará efectiva a paralización ordenada. A empresa, sen prexuízo do cumprimento inmediato da paralización, poderá impugnalas no prazo de tres días hábiles ante a autoridade laboral competente, que resolverá no prazo máximo de vinte e catro horas. Fronte á súa resolución poderá interporse o recurso de alzada, de conformidade co previsto no artigo 23, sen prexuízo da súa inmediata executividade.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 13, coa seguinte redacción:

«1. O procedemento sancionador iniciárase de oficio, como resultado da actividade inspectora previa, por acta de infracción da Inspección de Traballo e Seguridade Social, que se redactará e tramitará de acordo co establecido neste capítulo, sen prexuízo do disposto no capítulo IX.»

Catro. Modifícanse a letra e) do número 1 e o número 2, e engádese un novo número 6 no artigo 14, que quedan redactados da seguinte maneira:

«e) A proposta de sanción, a súa gradación e cuantificación, que será o total das sancións propostas se se aprecia máis dunha infracción. Inclúese expresamente a proposta das sancións accesorias que procedan como vinculadas á sanción principal.

Se a sanción proposta ten exclusivamente carácter pecuniario, farase mención á posibilidade de aplicar á dita sanción a porcentaxe de redución prevista no número 6, sempre e cando o suxeito infractor declare a súa vontade de pagar, nos termos e prazos que se indican no artigo 17, e renuncie ao exercicio de calquera acción, alegación ou recurso en vía administrativa contra a sanción.»

«2. O inspector actuante determinará na acta as medidas que considere necesario establecer con carácter provisional para asegurar a eficacia da resolución e evitar o mantemento dos efectos da infracción, de conformidade co artigo 56 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e demais normativa de aplicación a cada caso; as ditas medidas deben ser proporcionadas ao caso.»

«6. Nos supostos de infraccións para as cales se propoña unha sanción que teña carácter exclusivamente pecuniario, se o suxeito responsable paga a sanción proposta na acta con carácter previo á resolución, no prazo establecido para o efecto, e renuncia ao exercicio de calquera acción, alegación ou recurso en vía administrativa, o dito pagamento levará implícito o recoñecemento de responsabilidade e o importe da sanción reducirase nun 40 por cento.

Esta redución estará condicionada á realización do pagamento por parte do suxeito responsable con carácter previo á resolución, no prazo previsto para tal efecto.

Cando, conforme o previsto polo artigo 16, se acumulen nunha mesma acta diversas infraccións, a redución prevista nos parágrafos anteriores aplicarase sobre o importe total da proposta de sanción.

As sancións propostas naquelas actas de infracción concorrentes con actas de liquidación polos mesmos feitos unicamente poderán ser obxecto de redución, nos termos establecidos no artigo 34.2, e non será de aplicación a redución prevista no presente número.

Naqueles supostos en que concorran distintos suxeitos responsables respecto dunha mesma infracción, para a aplicación da redución da sanción será preciso que, ao menos, un dos ditos suxeitos solicite o pagamento con carácter previo á resolución, e que ningún dos outros presente alegacións á acta de infracción, efectuándose o pagamento no prazo previsto, todo isto sen prexuízo das responsabilidades previstas para outros procedementos distintos do regulado neste regulamento.»

Cinco. Modifícase o artigo 16, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 16. *Acumulación.*

Cando nunha mesma actuación inspectora se aprecien varias presuntas infraccións, deberán acumularse nunha soa acta as correspondentes a unha mesma materia, entendendo por tales as infraccións nas materias de relacións laborais, de prevención de riscos laborais, de seguridade social, de colocación e emprego, de movementos migratorios e traballo de estranxeiros e as motivadas por obstrución.

Non procederá a acumulación nos casos de tramitación simultánea de actas de infracción e liquidación polos mesmos feitos, cando concorran supostos de responsabilidade solidaria ou subsidiaria, ou nas infraccións relacionadas causalmente cun accidente de traballo ou enfermidade profesional. Tampouco procederá a acumulación nos supostos en que concorran infraccións que comporten sancións exclusivamente pecuniarias con outras nas cales, aínda que sexan dunha mesma materia, se propoñan sancións accesorias xunto á sanción principal.

En todo caso, a acumulación de infraccións respectará a distribución de competencias entre os órganos da Administración xeral do Estado e entre estes e os da comunidade autónoma respectiva.»

Seis. Modifícase o título e o número 1 do artigo 17, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 17. *Notificación das actas de infracción, alegacións e conformidade do suxeito responsable.*

1. As actas de infracción serán notificadas ao presunto suxeito ou suxeitos responsables no prazo de dez días hábiles contados a partir do termo da actuación inspectora, entendendo por esta a da data da acta, e nelas advertiráselles que poderán formular escrito de alegacións no prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte ao da súa notificación, acompañado da proba que consideren pertinente, ante o órgano instructor do expediente e que, en caso de non efectuar alegacións, a acta de infracción poderá ser considerada proposta de resolución, cos efectos previstos nos artigos 18 e 18 bis.

Naqueles supostos en que a sanción proposta teña carácter exclusivamente pecuniario e non se propoña sanción accesoria, advertirase o suxeito responsable de que, no mesmo prazo de quince días, poderá presentar ante o órgano instructor escrito en que manifieste a súa vontade de pagamento da sanción proposta na acta con carácter previo á resolución que poña fin ao procedemento e a súa renuncia ao exercicio de calquera acción, alegación ou recurso en vía administrativa.

Nos casos en que concorran distintos suxeitos responsables respecto dunha mesma infracción, cando algún deles manifieste a súa vontade de pagamento con carácter previo á resolución e algún dos outros presente alegacións, comunicarse a aquel que non cabe a aplicación da redución prevista no artigo 14, concederáselle un prazo adicional de quince días para presentar alegacións e continuarase o procedemento de forma ordinaria.

Non obstante, se algún dos suxeitos responsables mostra a súa vontade de acollerse á redución da sanción prevista no artigo 14 e hai outros responsables que non efectuaron alegacións nin solicitaron a redución da sanción, remitirase a todos eles o documento de pagamento coa redución correspondente e continuarase o procedemento na forma prevista nos artigos 18 e 18 bis.»

Sete. Engádesse un novo número 5 ao artigo 18, coa seguinte redacción:

«5. Cando o suxeito responsable manifeste a súa vontade de proceder ao pagamento da sanción con carácter previo á resolución, facilitaránselle os documentos ou instrucións precisas para o pagamento da sanción, no prazo fixado para o efecto e na contía correspondente, unha vez aplicada a porcentaxe de redución do 40 por cento.

O dito pagamento deberá realizarse e acreditarse ante o órgano instrutor nun prazo máximo de dez días hábiles desde o seguinte ao da notificación da documentación precisa para realizalo.

Transcorrido o dito prazo, unha vez comprobada a realización ou non do pagamento da sanción, o órgano competente para a instrución do procedemento ditará a súa proposta de resolución, que indicará ben a realización do pagamento e a data de cobramento ou ben a falta de pagamento.»

Oito. Engádesse un novo número 7 ao artigo 18 bis, coa seguinte redacción:

«7. Cando o suxeito responsable manifeste a súa vontade de pagar a sanción con carácter previo á resolución, facilitaránselle os documentos ou instrucións precisas para o pagamento da sanción, no prazo fixado para o efecto e na contía correspondente, unha vez aplicada a porcentaxe de redución do 40 por cento.

O dito pagamento deberá realizarse e acreditarse ante o órgano instrutor nun prazo máximo de dez días hábiles desde o seguinte ao da notificación da documentación precisa para realizalo.

Transcorrido o dito prazo, unha vez comprobada a realización ou non do pagamento da sanción, o órgano competente para a instrución do procedemento ditará a súa proposta de resolución, que indicará ben a realización do pagamento e a data de cobramento ou ben a falta de pagamento.»

Nove. Modifícanse os números 1 e 3 do artigo 20, que quedan redactados da seguinte maneira:

«1. O órgano competente para resolver, logo das dilixencias que considere necesarias, ditará a resolución motivada que proceda no prazo de dez días desde o momento en que finalice a tramitación do expediente, en que se confirme, modifique ou deixe sen efecto a proposta de sanción contida na acta. Se se deixa sen efecto, ordenarase o arquivamento do expediente e, se for o caso, o levantamento das medidas de carácter provisional adoptadas a que se refire o artigo 14.2.

A resolución acordará a anulación da acta cando esta careza dos requisitos imprescindibles para alcanzar o seu fin, ou cando dea lugar á indefensión dos interesados e non se emendase na tramitación previa á resolución.

A resolución que confirme a acta aplicará, se for o caso, a porcentaxe de redución da sanción prevista.

Cando o suxeito responsable manifestase a súa vontade de proceder ao pagamento da sanción antes da resolución do procedemento e, cumprido o prazo establecido para realizar o dito pagamento, non ingresase e acreditase a contía prevista, a resolución ditarase no sentido previsto no parágrafo primeiro.»

«3. O prazo máximo para resolver os expedientes sancionadores por infraccións de orde social será de seis meses, computados desde a data da acta até a data en que se notifique a resolución, e, en caso de superación do dito prazo, producirase a caducidade do expediente. Cando concorran circunstancias excepcionais, poderá acordarse a ampliación do dito prazo máximo, nos termos previstos nos artigos 21.5 e 23 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Non se computarán dentro do prazo máximo para resolver as interrupcións por causas imputables aos interesados ou motivadas pola suspensión do procedemento a que se refire este regulamento.

Tampouco se computará no dito prazo máximo para resolver o tempo transcorrido desde a data de remisión da notificación en que se facilite a documentación precisa para levar a cabo o pagamento ao suxeito responsable que manifestase a súa intención de pagar a sanción con carácter previo á resolución e o último día do prazo máximo para que se leve a cabo o dito pagamento e a súa correspondente acreditación.»

Dez. Modifícase o número 1 do artigo 21, que queda redactado como segue:

«1. As resolucións ditadas nos procedementos sancionadores por infraccións de orde social serán notificadas aos interesados e advertiráselles os recursos que correspondan contra elas, o órgano administrativo ou xudicial ante o que se deben presentar e o prazo para interpos. Cando o suxeito infractor fíxese efectivo o pagamento da sanción con carácter previo á resolución, indícaráselle a imposibilidade de interpor calquera recurso ou acción en vía administrativa contra a resolución. Así mesmo, remitírase copia do acto ao funcionario que promovese o expediente.

Se se impoñen sancións pecuniarias, a notificación conterá, ademais:

a) O importe que hai que ingresar ou o efectivamente ingresado, en caso de optar o suxeito responsable polo pagamento anticipado da sanción.

b) O prazo, lugar e forma de ingreso en período voluntario, en caso de non ter pagado a sanción con carácter previo á resolución.

c) A prevención de que, transcorrido o dito período sen efectuarse o ingreso e, de non interperse, se for o caso, o correspondente recurso de alzada, se devindicará inmediatamente a recarga de constrinximento e xuros de demora e se cobrará e, se for o caso, executará, polo procedemento administrativo de constrinximento que corresponda, salvo nos supostos do artigo 25.2.»

Once. Modifícase o artigo 22, que queda redactado da seguinte maneira:

«O cómputo dos termos e prazos establecidos neste regulamento, e o réxime de notificacións e comunicacións axustaranse ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro.»

Doce. Modifícanse o título e o texto do artigo 23, que quedan redactados da seguinte maneira:

«Artigo 23. *Recurso de alzada.*

1. Contra as resolucións previstas no capítulo anterior poderase interpor recurso de alzada no prazo dun mes ante o órgano superior competente por razón da materia, de acordo co disposto no artigo 4, cuxa resolución esgotará a vía administrativa.

Non caberá recurso de alzada naqueles casos en que, de acordo co previsto no artigo 14.6, o suxeito responsable aboe efectivamente a sanción con carácter previo á resolución.

As resolucións ditadas polos directores xerais competentes por razón da contía que non poñan fin á vía administrativa e as ditadas polo secretario de Estado da Seguridade Social e Pensións poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular do ministerio competente por razón da materia. Os actos administrativos da persoa titular do ministerio competente e do Consello de Ministros esgotarán a vía administrativa.

No ámbito de competencia das comunidades autónomas, corresponderá a estas a determinación dos órganos competentes para a resolución do recurso de alzada.

2. No non regulado polo número anterior, o recurso de alzada rexerese polo establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro. Transcorridos tres meses desde a interposición do recurso sen que se dite resolución, poderase entender desestimado e quedará expedita a vía xurisdiccional.»

Trece. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 25, que quedan redactados da seguinte maneira:

«1. As sancións pecuniarias a que se refire este regulamento, impostas por órganos da Administración xeral do Estado, excepto por infraccións en materia de seguridade social, serán recadadas polo procedemento establecido no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo; a recadación en período voluntario corresponde ás delegacións de Economía e Facenda e, en período executivo, á Axencia Estatal da Administración Tributaria.

O prazo de ingreso en período voluntario será de trinta días desde o seguinte á data de notificación da resolución que impoña a sanción. Cando esta sexa impugnada en vía administrativa, na resolución do recurso concederáse, se for o caso, un novo prazo de quince días para o ingreso.

Non obstante, no suposto de pagamento da sanción por parte do suxeito infractor con carácter previo á resolución, o prazo de ingreso desta será o previsto polo artigo 18 bis.7.

2. As sancións pecuniarias impostas por órganos da Administración xeral do Estado por infraccións en materia de seguridade social serán feitas efectivas na Tesouraría Xeral da Seguridade Social, que procederá á súa reclamación só para os efectos recadatorios nos termos establecidos no Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño. Para tal efecto, remitiráselle certificación do acto firme en vía administrativa para que, para os únicos efectos recadatorios e sen posibilidade de revisión, proceda á súa reclamación. Non obstante, cando a competencia para a imposición de sancións pecuniarias lle corresponda á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, na resolución que se dite para o efecto liquidarase, ademais, a sanción correspondente e requirirase o seu pagamento.

Da efectividade do pagamento dará conta a dita Tesouraría Xeral da Seguridade Social, no prazo de dez días hábiles, ao órgano competente para resolver. De non efectuarse o ingreso nos prazos sinalados, instarase a recadación en vía executiva polos órganos e procedementos establecidos no Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

No suposto de pagamento da sanción por parte do suxeito infractor con carácter previo á resolución, o prazo de ingreso da dita sanción será o previsto polo artigo 18 bis.7. O órgano competente para resolver comunicarllo á Tesouraría Xeral da Seguridade Social para os únicos efectos informativos.»

Catorce. Modifícase o número 2 do artigo 29, que queda redactado da seguinte maneira:

«2. O procedemento administrativo para a práctica de actas de liquidación e demais documentos liquidatorios de cotas á Seguridade Social e conceptos de ingreso conxunto axustarase ás disposicións deste capítulo e, subsidiariamente, ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro. Serán suxeitos responsables aqueles que así resulten por aplicación das normas reguladoras do Sistema de Seguridade Social.»

Quince. Modifícase o número 4 do artigo 33, que queda redactado da seguinte maneira:

«4. Os funcionarios da Inspección de Traballo e Seguridade Social que iniciaron os expedientes liquidatorios sobre os que se ditase resolución administrativa firme poderán promover ante o xefe da Unidade Especializada de Seguridade Social que tramitou os ditos expedientes a formulación de proposta de revisión da dita resolución, ante o órgano da Tesouraría Xeral da Seguridade Social que a ditase, cando consideren razoada e fundamentada que é manifestamente ilegal e lesiva aos intereses xerais, entendendo que se dan os ditos supostos cando a resolución infrinxa gravemente normas de rango legal ou regulamentario e atente tamén gravemente contra os intereses económicos da Seguridade Social. Se os documentos liquidatorios necesitasen o trámite de visado por un inspector de Traballo e Seguridade Social, a proposta de revisión requirirá o mesmo requisito.

O órgano da Tesouraría Xeral da Seguridade Social competente, logo de ditame favorable do Consello de Estado, poderá declarar, de oficio, a nulidade de tal resolución, ou promover a revisión ante a xurisdición contencioso-administrativa en supostos de anulabilidade, de acordo co procedemento regulado no título V da Lei 39/2015, do 1 de outubro.»

Dezaseis. Inclúese un novo capítulo IX, que queda redactado nos seguintes termos:

«CAPÍTULO IX

Do procedemento sancionador promovido por actuación administrativa automatizada no ámbito da Administración xeral do Estado

Artigo 43. *Disposicións xerais relativas á actuación administrativa automatizada.*

1. Entenderase por actividade automatizada calquera actuación realizada integramente a través de medios electrónicos pola Inspección de Traballo e Seguridade Social en que a intervención do persoal con funcións inspectoras se produza de forma indirecta.

2. En caso de actuación automatizada, deberá establecerse previamente e mediante resolución do director do organismo estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social, que será publicada en sede electrónica, a determinación dos supostos nos cales se fará uso da dita actuación, o órgano ou órganos competentes, segundo os casos, para a definición de especificacións, programación, mantemento, supervisión e control de calidade do sistema de información. Así mesmo, indícarase o órgano que debe ser considerado responsable para efectos de impugnación. Nestes supostos, o organismo estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social deberá identificarse e garantir a autenticidade do exercicio da súa competencia mediante o uso do selo electrónico cualificado da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Artigo 44. *Procedemento promovido por actuación administrativa automatizada.*

1. No ámbito da Administración xeral do Estado, o organismo estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social poderá xerar a través do seu sistema de información, mediante actuacións administrativas automatizadas, as actas de infracción que resulten pertinentes en virtude dos datos, antecedentes e informes que figuren no dito sistema, así como nas bases de datos das entidades que lle prestan o seu auxilio e colaboración, de conformidade co establecido nos artigos 16 e 24 da Lei 23/2015, do 21 de xullo. Así mesmo, poderanse xerar de

forma automatizada as propostas de resolución que procedan cando non se presentasen alegacións contra as actas.

2. Nestes supostos, a actividade previa de comprobación iniciárase por orde do director do organismo estatal Inspección de Traballo e Seguridade Social para a realización de actividades administrativas automatizadas. Esta orde emitirase para a realización de cada conxunto de actuacións da mesma natureza e nela indicáranse os criterios que hai que seguir na súa preparación e execución, así como o órgano encargado da súa realización.

Artigo 45. *Contido das actas de infracción.*

1. As actas de infracción deberán conter os requisitos do número 1 do artigo 14, a excepción dos previstos nas letras b) e g).

2. As actas deberán reflectir os feitos comprobados como resultado da actuación administrativa, con expresión daqueles que sexan relevantes para efectos da tipificación da infracción, os medios utilizados para a comprobación dos feitos que fundamentan a acta e a indicación expresa de que se trata dunha actuación administrativa automatizada iniciada mediante expediente administrativo.

3. Así mesmo, as actas deberán ir asinadas co selo electrónico cualificado da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Artigo 46. *Notificación das actas de infracción e alegacións.*

1. As actas de infracción serán notificadas ao presunto suxeito responsable no prazo de dez días hábiles desde a data da acta, coa advertencia de que poderán formular escrito de alegacións no prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte ao da súa notificación, acompañado da proba que consideren pertinente, ante o órgano instructor do expediente.

2. Se, conforme o disposto no artigo 14.6, o suxeito responsable paga a sanción proposta na acta no prazo sinalado para formular alegacións, o importe da sanción reducirase nun 40 por cento. Para estes efectos e xunto coa acta de infracción, facilitarase ao presunto responsable a correspondente carta de pagamento en que se aplicará a citada redución.

Artigo 47. *Tramitación, instrución e terminación dos procedementos sancionadores.*

1. Se, no prazo sinalado para formular alegacións, o suxeito responsable paga a sanción proposta, darase por concluído o procedemento. O dito pagamento levará implícito o recoñecemento de responsabilidade e a renuncia ao exercicio de calquera acción, alegación ou recurso en vía administrativa.

2. En caso de non efectuar alegacións nin proceder ao pagamento previsto no número anterior, a acta de infracción será considerada proposta de resolución, cos efectos previstos no artigo 18 bis.

3. Non obstante, se se formulan alegacións nas cales se invoquen feitos ou circunstancias distintos aos consignados na acta, insuficiencia do relato fáctico da dita acta, ou indefensión por calquera causa, deberá asignarse o expediente a un actuante con funcións inspectoras, para que informe sobre estas. En caso de que a dita asignación recaia en subinspector ou subinspectora laboral, o informe deberá contar co visado do inspector ou da inspectora de Traballo e Seguridade Social de que tecnicamente dependan, cando correspondan a actas por infraccións graves e moi graves.

No suposto previsto neste punto, tras a emisión do correspondente informe ampliatorio, continuará a instrución do procedemento até a súa resolución conforme o previsto no capítulo III.

Artigo 48. *Normas supletorias.*

No non previsto neste capítulo resultarán de aplicación as normas establecidas nos capítulos II e III.»

Disposición transitoria única. *Procedementos en tramitación.*

1. Os procedementos sancionadores cuxa tramitación se iniciase con anterioridade ao momento da entrada en vigor deste real decreto tramitaranse e resolveranse consonte as disposicións vixentes até esa data.

2. Entenderase por data de iniciación dun procedemento a correspondente á data da acta de infracción.

Disposición derradeira primeira.

Este real decreto dítase en virtude do previsto no artigo 149.1 7.^a, 17.^a e 18.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado competencias exclusivas en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas, de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, e de procedemento administrativo común, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2022.

Dado en Palma o 3 de agosto de 2021.

FELIPE R.

O ministro da Presidencia, Relacións coas Cortes
e Memoria Democrática,
FÉLIX BOLAÑOS GARCÍA